

O MUSEU DE HISTORIA NATURAL

Na Facultade de Química, acachado no soto, consérvase o único museu de historia natural de Galicia. Adicado a Luis Iglesias, que foi catedrático de Bioloxía Xeral na Facultade de Ciencias entre 1932 e 1965, o Museu conserva parte das antigas coleccións do Gabinete de Historia Natural que remonta a súa orixe nesta Universidade a mediados do século XIX.

Os primeiros gabinetes de historia natural son institucións típicas da *Ilustración*, que respostan á curiosidade da época por todo tipo de fenómenos naturais, e ó afán de racionalizar os coñecementos sobre os mesmos mediante unha "clasificación" ou ordenación lóxica. Consecuentemente un dos seus obxectivos é coleccionar todo tipo de obxectos naturais para estudar a diversidade e clasificala. Se ben o ensino da Bioloxía é hoxe moito mais respetuoso polo meio, e a preservación das especies no seu hábitat é un valor a difundir, estas institucións son testemuña dunha época, e case o único reducto onde se conservou o noso patrimonio histórico-científico.

O museu da Universidade de Santiago é o resultado do labor de moitos galegos que, estimulados pola súa preocupación pola ciencia, consideraban primordial dotar a

Galicia dun centro que servira de apoio ó estudo da natureza. Son as numerosas doazóns de naturalistas, profesores, coleccionistas ou simples afeccionados as que enriquecen o museu, non só durante o dezanove, senón tamén no presente século.

Entre todas destaca, non polo valor das súas coleccións senon pola

súa singularidade na historia dos museus, a fundación denominada *Biblioteca América*. Formada por emigrantes galegos e institucións americanas que tentaron por meio dos seus envíos crear un forte lazo de unión entre as dúas culturas.

Pero se destas coleccións non podemos salienta a súa importancia



"LUIS IGLESIAS"

científica, non hai que deixar pasar a ocasión de sinalar que neste pequeno lugar, e en condicións moi deficientes, gárdanse grandes e pequenos tesouros da historia da ciencia do noso país. Podemos observar o resultado do traballo de importantes naturalistas galegos, como a colección de peixes de Vic-

tor López Seoane, a colección de moluscos de Gerónimo Piñeiro de las Casas e as coleccións petrolóxicas de Isidro Parga Pondal.

Seguindo as súas antigas vitrinas podemos facer un pequeno percorrido pola fauna galega, admirablemente preparada entre outros polo taxidermista Santiago Vez Quijano, e

disfroitaremos dos primeiros estudos realizados neste país sobre cogomelos ou sobre mineraloxía. Pero tamén poderemos admirar moitos dos mamíferos, aves, reptís e moluscós mais representativos dos países americanos, entre os que destacan aves emblemáticas, como o quetzal, ou a colección de tatús.

Cecais o mais descoñecido, incluso para os seus visitantes, sexa o mais importante, a sala de Mineraloxía, da que só resaltaremos dúas coleccións de incalculábel valor. A primeira son os modelos cristalográficos realizados en 1843 polo pai da Cristalografía, o abate Haüy, e da que só se conserva otro duplicado no Xardín Botánico de París. A segunda é o resultado da coidadosa selección realizada polo médico vilagarcían José Viqueira Barrio de exemplares mineralóxicos de grande perfección.

Na actualidade este museo só é coñecido polos milleiros de escolares galegos que o visitan ano tras ano. Sen embargo, é descoñecido para o público en xeral, a pesar de ser o único centro en Galicia adicado á Historia Natural, e dunha antiguidade que o sitúa entre os primeiros gabinetes do Estado.

